

Contratación-Subministración  
Ref. L-5 43010I01OP 430/2016/34  
Adjudicación

**María Eugenia Vieito Blanco**, Concelleira Secretaria da Xunta de Goberno do Excmo. Concello da Coruña

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno, en sesión celebrada o día de hoxe, adoptou, entre outros, o acordo que copiado do borrador do Acta é do seguinte tenor:

**Primeiro.-** Adjudicar o procedemento aberto con diversos criterios de valoración para a contratación do servizo de limpeza do Palacio Municipal de María Pita, Edificio Municipal sito na rua Franxa, nº 20 e dependencias administrativas situadas en rúa Paredes (Avda. da Mariña, nº 18) que fomente a estabilidade no emprego e o respecto ao medio ambiente na súa execución a CLN INCORPORA, S.L. (B 33878487), previos os informes emitidos e de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, por ser a súa proposición a máis vantaxosa en aplicación dos requisitos establecidos nos pregos reguladores da contratación, con suxeición ás seguintes condicións:

1ª. O prezo do contrato é de catrocentos trinta mil trescentos oitenta e un euros con trinta e tres céntimos anuais (430.381,33.- €) (IVE incluído), pagaderos na forma establecida no prego de cláusulas administrativas particulares, con cargo á aplicación 20.933.227.00 do Orzamento Municipal. O gasto máximo previsto para o exercicio 2016 é de 107.595,33.-€ (IVE incluído), para o 2017 é de 430.381,33.-€ (IVE incluído) e para o 2018 de 322.786,00.-€ (IVE incluído).

2ª. O prazo de duración do contrato será de dous anos prorrogables por dous anos máis ata un máximo de catro, da forma establecida na cláusula 8ª do prego de cláusulas administrativas particulares regulador da contratación.

3ª. O contrato rexerese polo establecido no prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas reguladores da licitación e polo consignado polo adjudicatario na súa proposición e deberá formalizarse unha vez transcorran 15 días hábiles desde que se remita a notificación desta adjudicación aos licitadores.

**Segundo.-** O Servizo de Interior deberá supervisar e vixiar o cumprimento do contrato, propoñer ao órgano de contratación a imposición de sancións e penalidades e resolver as incidencias na súa execución.

**Terceiro.-** Anular saldo por importe de 26.437,92.- € (exercicio 2016), 105.751,69.-€ (exercicio 2017) e de 79.313,77.- € (exercicio 2018), na aplicación 20.933.227.00 do Orzamento Municipal.

e para que conste, expido o presente, ao amparo e coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais e a resultas do Texto definitivo do Acta.

A Coruña, a

09 SET. 2016

